




DÍA DO LIBRO

23 DE ABRIL



*"A lectura supón capacidade de coñecer, de abrir a mente,
de cuestionar as túas propias ideas, ser máis universal e
aumentar o teu caudal de expresión".*

Cristina Almeida





DÍA DO LIBRO



Para comezar...comezar...



Os primeiros deberes - Thibaut Lafaye

Conta Cristina Almeida que tiveron que pasar moitos anos para que puidera entender unha serie de cousas que lle ocorreran na súa nenez, adolescencia e adultez, sen que se decatara antes da súa importancia.

Tiña una tía apareladora, considerada “roja” na familia, pola que acostumaba a rezar para que non se condenase. Vestía como Gilda, fumaba en pipa, durmía espida... en definitiva facía o que quería e expresábase como lle apetecía, pero iso o entendeu máis tarde, cando abriu a súa mente e cuestionou as súas ideas, a base de observar, ler e ver que cousas debía pensar e en que tiña que cambiar.

Cristina asistiu a un colexio relixioso, acudiu a catequese e cando visitaba aos e ás delincuentes do barrio obreiro, non entendía de clases, pensaba que aquilo era designio de Deus. Aínda lle faltaba **ler para aprender a ver**.

Houbo un tempo no que quixo ser psiquiatra porque quería entender as mentes das persoas, pero como non atopou esa especialidade no seu contorno de estudo decidiu facer Dereito e así foi como se converteu en avogada. Ao pouco de terminar a súa carreira quixo denunciar a situación na que se atopaban uns presos políticos dentro do cárcere, pero non lle deixaron poñer a denuncia sen o permiso do seu marido... deuse conta desde ese día que había que levar a **condición de muller por diante**.

“Me han expulsado de todos lados”
Publico.es

En 1979 Cristina Almeida desempeñaba o cargo de concelleira no Concello de Madrid polo PCE, formando parte do equipo municipal dirixido por Enrique Tierno Galván. Concelleira presidenta da Xunta Municipal do distrito de Fuencarral, viuse involucrada na polémica xerada polo envío a colexios públicos do seu distrito de *El libro rojo del cole*.



Vídeo: Lémbraste? “El libro rojo del cole”

Reportaxe: “El Libro rojo del cole” [08-09-2008]
<http://www.youtube.com/watch?v=DvYhx5z0S7c>



Ao inicio do curso 1979-80 o Concello de Madrid, de esquerdas, difundiu entre os centros educativos *El Libro rojo del cole*, publicado orixinalmente en Dinamarca. A obra que triunfara en Europa en maio do 68, chegou a España con dez anos de retraso, sobresaltando e escandalizando a parte da sociedade. Desde un enfoque marxista criticábase ao sistema educativo vixente, á vez que se presentaban unha serie de ideas para que o alumnado puidera evitar ter que sufrilo. O libro foi secuestrado. Foi a primeira guerra política coa escola e a educación de fondo.

LECTURA E DEBATE



LECTURA:

El libro rojo del cole



Despois de ver o vídeo e ler o libro **fai un esquema da información recollida** para poder responder as seguintes cuestións:

- As autoridades educativas do momento consideran que no libro véntense *conceptos disolventes da sociedade, da familia e dos valores morais*. A que conceptos cres que se refiren?
- O libro é considerado incendiario. Sabes dicir por que?
- Que é a *Liga dos sen bata*? Quen a creou?

“Un libro non acabará coa guerra nin poderá alimentar a cen persoas, pero pode alimentar as mentes e, ás veces, cambialas.”

Paul Auster

CHUVIA DE IDEAS

- Que opinas da afirmación que fai Paul Auster con respecto aos libros?
- Identifica libros que serviron para “alimentar as mentes e cambialas”:
 - Que libros foron significativos para a sociedade en xeral? Que cambiaron?
 - Que libros son significativos para ti? Que che fixeron ver doutra maneira?

Breve historia do libro



Paseo das Ideas. Berlín

Ao longo da historia da humanidade pódese constatar a permanente necesidade de todas as sociedades de querer transmitir as súas crenzas, costumes, comportamentos... Cando aínda non existía un sistema de signos lingüísticos a **pedra** foi na prehistoria, IV milenio a.C, o soporte de conxuntos pictográficos que falaban por eles mesmos, despois empregouse a **madeira** e representáronse ideogramas en táboas de bambú. No III milenio a.C. xorde a escritura cunei-

forme en Mesopotamia e utilízanse taboíñas de **arxila** para transmitir as ideas, existindo entón talleres de copistas e lugares idóneos para a conservación dos escritos, o que nos leva a pensar que xa había unha organización en torno ao libro.

O libro, como dicía José Antonio Ramos*, é a célula máis importante do cerebro da Humanidade onde vai acumulando de xeración en xeración o máis valioso da súa experiencia. No comezo de máis dun-

ha relixión universal, na xénese de revolucións políticas, científicas... está invariablemente un libro e hai libros que son referencia obrigada en determinados campos. En materia relixiosa ninguén pode negar que a Biblia, o Corán ou o Talmud, **alimentan as mentes** das e dos crentes cristiáns, musulmáns ou xudeus. A nivel científico a lista sería longa, pero podemos destacar a modo de exemplo *Principia* de Isaac Newton, que falando da gravitación universal cambiou a concepción do universo, ou *A orixe das especies* de Charles Darwin, que orixinou unha forte polémica afirmando que todos os seres vivos da Terra evolucionaron; aínda hoxe o pensamento “negacionista” nega o evidente. *O Capital*, de Karl Marx, incidiu no **cambio na forma de pensar** do proletariado e converteuse en libro de referencia para os movementos comunistas do século XX. E así poderíamos seguir enumerando libros e libros de significada importancia na historia da humanidade.



Pau - Ibán Ramón



POWER POINT:

“Amigo Libro”, sobre a librería argentina Ateneo.

* José Antonio Ramos y Aguirre. “Epítome de Biblioteconomía”. En: *Revista Bimestre Cubana*, La Habana, 1940.

TRABALLO CON TEXTOS


Texto presentado polo Presidente da Royal Society en 1807, para opoñerse (con éxito) á creación de escolas elementais en todo o país:

En teoría, o proxecto de dar unha educación ás clases traballadoras é xa bastante equívoco e, na práctica, sería prexudicial para a súa moral e a súa felicidade. Ensinaría ás xentes do pobo a desprezar a súa posición na vida en vez de facer de eles bos servidores na agricultura e nos outros empregos aos que lles destinou a súa posición. En vez de ensinarlle subordinación faríaos facciosos e rebeldes, como xa se viu nalgúns condados industrializados. Poderían entón ler panfletos sediciosos, libros perigosos e publicacións contra a cristiandade. Faríaos insolentes diante dos seus superiores; en poucos anos, o resultado sería que o goberno tería que utilizar a forza contra eles.

“A sabedoría é a única liberdade que existe.”

Séneca

- Coa información destes dous fragmentos redacta un texto no que plasmes as ideas principais que extraíches como conclusión. Trata de empregar os conceptos: *liberdade, sabedoría, censura, poder, educación e clase social*.




- Tendo en conta o ata agora traballado [libros, censura, aprender a ver, o poder das palabras...], se tiveses que poñerlle a esta imaxe un pé de foto, cal lle porías?

OBRADOIRO PLÁSTICO E LITERARIO

Organizar un obradoiro plástico literario en torno aos carteis das **campañas de fomento da lectura** e á creación de textos relacionados co tema **o poder das palabras**.

Partindo do cartel creado pola Consellería de Educación no ano 2006 para fomentar a lectura: buscar os carteis doutras campañas, traballar a *lectura de imaxes* e aprender a *ler a estética* -harmonía entre os elementos gráficos e o texto- e organizar unha exposición no espazo do centro que se considere máis axeitado: biblioteca, corredores, aula de conferencias... É importante analizar os carteis con perspectiva de xénero: equilibrio de imaxes de homes e mulleres, linguaxe inclusiva...

Despois cada quen debe crear o seu propio texto relacionado co tema **o poder das palabras**. As palabras fante soñar, fante pensar, e tal vez... te fan actuar porque a través da lectura se aprende a ver o que tal vez antes nunca se vira.



En abril de 2006, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria iniciaba a difusión dunha campaña de fomento da lectura en centros escolares, baixo o lema HORA DE LER.

HORA DE LER ten como obxectivo fundamental facer visible as bibliotecas no espazo educativo e poñer en valor o libro e a lectura entre as e os máis novos.

Na primeira fase da campaña remitíronse aos centros carteis motivadores e distribuíronse entre os nenos e nenas de educación infantil, primaria e 1º ciclo de secundaria, marcapáxinas e adhesivos *ex libris* con motivos extraídos do cartel. O profesorado, pola súa parte, recibía a axenda do mediador, especialmente pensada para motivar a súa función como modelo de lectura entre o alumnado.

Para o deseño e elaboración dos materiais creouse un grupo de traballo, denominado *Acatrotintas*, formado por catro docentes con experiencia nos distintos niveis educativos aos que van destinados (Mayte Leis, Cristina Novoa, Magdalena de Rojas e Juana Vázquez); todas as imaxes son da autoría do ilustrador galego Óscar Villán.

<http://bega-horadeler.blogspot.com/2007/04/campaa-de-lectura-hora-de-ler.html>

23 DE ABRIL, Día do libro

A elección desta data como DÍA DO LIBRO procede da coincidencia do falecemento de Cervantes, Shakespeare e o Inca Garcilaso de la Vega o 23 de abril do ano 1616. En 1995 a UNESCO aprobou que nesa data se celebrara o DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO E DOS DEREITOS DE AUTORÍA. Esta proposta ten como finalidade fomentar a cultura e a protección da propiedade intelectual.



Vídeo: Me gusta leer

http://www.youtube.com/watch?v=oX1LM9HIk_s

A editorial Random House Mondadori anima á lectura co seguinte material audiovisual.



Vídeo: Leer está de moda, de Ikea



Sabías que...?

Segundo o traballo **Propostas para mellorar as bibliotecas escolares** realizado por Marchesi* y Miret** no 2005:


- Faltan nos centros actividades que estimulen a investigación e o uso da biblioteca.
- A frecuencia da visita do alumnado ás bibliotecas diminúe coa idade: mentres que un 46% do alumnado de primaria visita a biblioteca unha vez á semana, en secundaria só o fan o 20%.
- En secundaria o alumnado fai un uso máis estático da biblioteca, emprégana máis como espazo, -preferentemente para consultar algún documento e facer deberes- que como servizo.

* Álvaro Marchesi Ullastres: Catedrático de Psicología Evolutiva e da Educación na Facultade de Psicología da Universidade Complutense de Madrid. Asesor executivo do Instituto da Avaliación e Asesoramento Educativo (IDEA) dependente da Fundación Santa María.

** Inés Miret Bernal: Directora do Estudo sobre Bibliotecas Escolares da Fundación Germán Sánchez Ruipérez e o Instituto IDEA

A pesar da deficiente situación, son moitos os materiais que se poden empregar para motivar a lectura e existen numerosas experiencias que están buscando activamente fórmulas para que a biblioteca poida constituírse nun verdadeiro centro de recursos para a aprendizaxe, para a lectura e para a innovación.

- Coñeces o *Caderno de Viaxe* editado pola Consellería de Educación baixo o nome de **Ler o Mundo**?
- Que opinas do texto de Antonio Lobo Antunes que aparece na súa contraportada?



“O que me marabilla dos libros que me gustan é que me abren portas, móstranme recunchos que eu non coñecía de min ou que tiña medo a explorar. E é que é bo ser quen de abrir as propias portas.”

Antonio Lobo Antunes

O material foi editado de xeito exclusivo para o profesorado, pero cando os proxectos se comparten o grao de compromiso coa realización de cada actividade aumenta, así que sería interesante e non *incendiaria*, retomando a expresión do documental sobre *El libro rojo del cole*, a idea de planificar un traballo conxunto entre profesorado e alumnado para mellorar os hábitos lectores do centro, para converter unha práctica limitada da lectura nunha práctica ilimitada.

Sabías que...?

En marzo de 2010 a Concellería de Igualdade de Vigo puxo en marcha un **Centro de Documentación e Recursos Feministas**. Este centro ofrece un servizo de xestión de información, documentación e materiais de traballo sobre muller, xénero e igualdade dirixido ao público en xeral ou a persoal especializado e interesado nas citadas temáticas.

Os fondos da nova dotación municipal están integrados por 8.500 títulos, 150 revistas e 930 pezas audiovisuais, dos que moitos están xa fóra do mercado e descatalogados.

www.igualdadedevigo.org/centrodedocumentacion

Biblioteca Pública Central, 2º andar
r/ Joaquín Yañez 6 - 36202 Vigo
Teléfono: 986 229 074



COLABORAR NA MELLORA DO PROXECTO LECTOR DO CENTRO

- Analiza o *Caderno de Viaxe Ler o Mundo*, co fin de facer achegas ao Plan Lector do centro.



Fíxate nas actividades que se propoñen, e escollede entre todos e todas as que poderían resultar máis atraentes:

- Seleccionar determinados libros para traballar na aula.
- Deseñar actividades sobre os mesmos.
- Organizar concursos literarios, exposicións, charlas con escritores e escritoras...

Para propoñer actividades podes centrar a túa atención nas páxinas finais do caderno onde se ofrece un listado de libros, películas, cancións e recursos web.



Dado que o material que se analiza é un *Caderno de Viaxe* se podería tomar como referencia o libro de *Visión de Nova York* de Carmen Martín Gaité, para que cada quen fíxese un libro, ou diario en forma de *collage* durante algunha viaxe que teña previsto realizar. Enche o diario de recortes, entradas a espectáculos, recortes de periódicos... e anotacións das cousas cotiás.



DÍA DO LIBRO



Para saber algo máis...



Mulleres pola paz, Sergi Bernal

Nos medios de comunicación se escoitan lamentacións como “a mocidade xa non le”, “hai que ler” ou incluso “débese amar a lectura”, o cal evidentemente espanta a todo o mundo. Deplórase en particular que se perda a lectura de grandes textos supostamente edificantes, ese “patrimonio común”, como din, que é unha especie de tótem reunificador en torno ao que se supón deberíamos congregarnos.

No meu país, o debate sobre a lectura entre a mocidade redúcese, así, ao terreo dos medios, a unha especie de querela entre os *antigos* e os *modernos*. Caricaturizando un pouco, teríamos pois que os *antigos* choran con caras longas a perda das letras, cun ton e cuns argumentos que non me parecen afortunados para atraer á súa causa aos que non len, sobre todo se se trata de xoves. Canto aos *modernos*, fan un chamado a unha especie de relativismo absoluto, afirmando que tal telenovela é tan capaz de satisfacer a nosa necesidade de narración como tal ou cal texto moi elaborado, ou tal ou cal gran película, e que todo consiste simplemente nun asunto de gustos herdados, de consumo cultural socialmente programado.

Confésolles que sempre sentín certo malestar ao escoitar estes discursos, que me parecen moi afastados do que os lectores de diversas categorías sociais me dicían no transcurso das diferentes


investigacións que realizaba. Pola miña parte observo de entrada que se ben a proporción de lectores asiduos diminuíu, a xuventude segue sendo o período da vida no que hai maior actividade de lectura. E máis alá das grandes sondaxes estatísticas, se se escolta falar a mocidade compréndese que a lectura de libros ten para eles certos atractivos particulares que a distinguen doutras formas de esparcemento. Compréndese que a través da lectura, aínda que sexa esporádica, se atopan mellor equipados para resistir cantidade de procesos de marxinação. Compréndese que a lectura os axude a construírse, a imaxinar outros mundos posibles, a soñar, a atopar un sentido, a encontrar mobilidade no taboleiro da sociedade, a encontrar a distancia que dá o sentido do humor e a pensar, neste tempos que escasea o pensamento.

Estou convencida de que a lectura, e en particular a lectura de libros, pode axudar aos xoves a ser un pouco máis suxeitos da súa vida e non soamente obxectos de discursos represivos ou paternalistas. E que pode constituír unha especie de atallo que leva dunha intimidade un tanto rebelde á cidadanía.

Michèle Petit
Novos acercamentos aos xoves e á lectura

CONTESTA

- Que libros tiveches que ler por ser obrigatorios e non che gustaron?
- Que posturas defenden “os antigos” e “os modernos”? Con cal destes grupos estas máis de acordo?
- Cal é a visión de Michèle Petit da xuventude?
- Que papel lle outorga a autora á *lectura*?



Caligramas: poesía e imaxe (outra forma de ler)


Os **caligramas** son poemas que complementan o seu significado cun debuxo. Non son poemas ilustrados, porque é o mesmo texto o que adquire trazos gráficos. É dicir, son combinacións icónico-lingüísticas, onde a imaxe e o texto se mesturan para reforzar unha idea, ou introducir outra.

O protagonismo do significado parece trasladarse das palabras ao seu significante, é dicir á súa forma material. As palabras crean debuxos e permiten a quen non le, "ler" o que elas din.



Un caligrama de Guillaume Apollinaire

- Ensaia a facer caligramas para "repensar" a *paz*, a *non violencia* e a *igualdade*... ou calquera outro dereito humano do que che apeteza falar. Pensa un texto e dálle forma artística ás túas ideas. Para facilitar a tarefa tes as iconas seguintes a modo de exemplo:



A arte de ler e a lectura da arte



POEMA OBXECTO
Nupcial - Joan Brossa

O libro e a vangarda artística

O fenómeno das novas tecnoloxías é aproveitado polo mundo editorial onde atopamos propostas de vangarda artística facendo libros artesanais, libros ilustrados, libros esculturas, etc.



Toda a nosa cultura está baseada no desexo de mercar, na idea dun intercambio mutuamente favorable. A felicidade das persoas modernas consiste na excitación de contemplar as vidreiras dos negocios e en comprar todo o que poida, xa sexa ao contado ou a prazos. O home [ou a muller] considera á xente nunha forma similar. Unha muller ou un home atractivos son os premios que se quere conseguir. "Atractivo" significa habitualmente un bo conxunto de calidades que son populares e polas que hai demanda no mercado da personalidade. As características específicas que fan atractiva a unha persoa dependen da moda da época, tanto física coma mentalmente.

A arte dea mar - Erich Fromm

COMENTAR EN GRUPO


- "Unha muller ou un home atractivo son os premios que se quere conseguir", segue vixente esta idea na actualidade? Que tipo de "atractivo" se demanda hoxe? Que diferenza hai entre estética e beleza interior?
- A arte é un ben cultural ou un obxecto de consumo? Quen goza da arte? Quen a merca?



Vídeo: Poesía Obxectual

<http://www.youtube.com/watch?v=YrXTsArgRcQ>

Poesía que non traballa especificamente co texto. Tratar de expresar o máximo cos mínimos elementos. Xogar coas formas e as metáforas visuais. Niso consiste a poesía obxectual ou as revistas ensambladas.



CONTESTA


- Viches algunha vez este tipo de *arte literaria*?
- Consideras que sería interesante ter exemplares deste tipo na biblioteca do centro?
- Cres que se necesita unha sensibilidade especial para gozar destas obras?
- Cres que a sensibilidade cara á arte se pode educar?
- Co que levas visto ata agora consideras que aprendiches cousas novas con respecto aos libros, á literatura e á arte? Que, exactamente?



Vídeo: Enzo 2009 Spring Summer creative vision

<http://www.youtube.com/watch?v=fSued8oTFHA>

Arte, literatura e moda.



EXPRESA SENSACIÓNS

- Que che transmite a posta en escena deste desfile de moda? Trata de buscar as palabras axeitadas para expresarte ampliando así o teu vocabulario no campo das sensacións.
- No desfile faise referencia a un libro específico, sabes a cal? Se non o deduces pola posta en escena, trata de pescudalo a través da voz en off en francés e en inglés que a acompaña.
- Hai relación entre o tipo de moda presentada e o libro do que se fala? En que elementos se pode observar esa conexión?

Presente e futuro do libro: o libro dixital e cultura cibernética

Actualmente hai quen prognostica a progresiva desaparición do libro impreso e a súa substitución por experiencias cibernéticas, máis interactivas relacionadas coa civilización da imaxe.

Hai que recoñecer que a aparición dos *blogs*, as *hiperligazóns (links)*, as bibliotecas en liña, e a enorme dispoñibilidade de información na rede, contribuíron a restarlle algunha presenza ao clásico libro, o de papel e tinta, impreso e encadernado.

Hoxe en día a cibertecnoloxía revolucionou o mundo das editoriais e xa son familiares para moitos lectores e lectoras os **e-book** que se presentan basicamente en dúas modalidades:

- **WebBooks:** todos aqueles *eBooks* que poden ser lidos ou descargados de Internet
- **PalmBooks:** aqueles que se len en lectores portátiles.

Aínda que o futuro se adiviña cada vez máis tecnolóxico e a cibertecnoloxía irá invadindo cada vez máis as nosas vidas, os libros nunca perderán a súa maxia independentemente do soporte no que se presenten, e a lectura seguirá sendo un espazo de liberdade no que cada persoa canalizará as súas preferencias segundo os seus intereses.



WebBook:

Bocas del tiempo - Eduardo Galeano



Un **Blog**, ou unha bitácora, é un sitio web periodicamente actualizado que recompila cronoloxicamente textos ou artigos onde o autor ou autora conserva sempre a liberdade de deixar publicado o que crea pertinente. Este termo inglés *blog* ou *weblog* provén das palabras *web* e *log* ('log' en inglés = diario). O termo bitácora, en referencia aos antigos cadernos de bitácora dos barcos, utilízase preferentemente cando o autor ou autora escribe sobre a súa vida propia coma se fose un diario, pero publicado na web (en liña).

A biblioteca dixital

A UNESCO lanza en Internet a biblioteca dixital mundial (WDL) <http://www.wdl.org/es/> Reúne mapas, textos, fotos, gravacións e películas de todos os tempos e explica en sete idiomas (árabe, chinés, inglés, francés, ruso, español e portugués) as xoias e reliquias culturais de todas as bibliotecas do planeta. Pero hai documentos en liña en máis de 50 idiomas". O acceso é gratuíto e as e os usuarios poden acceder directamente na web, sen necesidade de rexistrarse. Navegando nesta dirección <http://www.wdl.org/es/>, tense a sensación de tocar coas mans a historia universal do coñecemento.



Algo se move

O fenómeno literario de *Millennium*, 15 millóns de persoas no mundo lendo estas novelas, invita a reflexionar sobre as súas contribucións éticas e políticas. O relato achega unha revolucionaria mirada de esquerdas, na que se cuestiona a base do sistema capitalista e os seus valores. A forza deste “megaseller” ven dada polos seus protagonistas, pola súa maneira transformadora de seren íntegros, honestos e valentes. Se temos que cualificar a novela de Larsson cunha palabra, sería a de coherencia. Polo que se sabe del parece que tamén os seus ideais e a súa vida reflectiron este compromiso. Esta lectura ten un valor altamente revolucionario xa que pode incidir na vida das persoas. **O poder socializador da literatura de masas fai que se vaian lexitimando certos valores**, como os que nos amosan os protagonistas, que teñen que ver cos dereitos humanos e máis concretamente coa violencia machista. A “heroína” **Lisbeth Salander** é moi “rara”, é protagonista da súa vida e independente dos homes: como dixo o propio autor, é unha mestura de Pippi Calzaslargas, a nai Teresa de Calcuta e un guerrilleiro kurdo. Ademais é unha auténtica **hacker informática**. Tanto ela como as outras mulleres da triloxía ofrecen novos modelos de feminidade. O “heroe” **Mikael Blomkvist** é un home que cre no que fai. A súa visión política é


moi comprometida coa aposta **ética individual**. No noso mundo esta actitude non é tan doada pois ao amparo dos individualismos xustificamos a falta de compromiso persoal. É especialmente interesante como **se denuncia a violencia que padecen as mulleres**. Non só a agresión física ou a psicolóxica, senón esas outras formas cotiás de violencia sutil pero que por estaren tan normalizadas moitas veces nin nos decatamos. Son os **‘micromachismos’**: menosprezos, invisibilización, redución da persoa a un corpo... en definitiva, a misoxinia latente da nosa aínda cultura patriarcal que se resiste a desaparecer. Larsson fala desta violencia e dos homes que a fan posible. Tamén **aparecen esbozados os perfís das novas masculinidades**. Son homes que cuestionan o machismo rancio, son persoas libres que non teñen medo da muller sen medo. Esta aposta consciente e voluntaria ao longo das tres novelas semella un cambio de actitude no panorama mediático, apuntando a formas máis esperanzadoras de relacionarnos. Algo se está a mover...

Mercedes Oliveira
Revista *Tempos Novos*
Obertura, setembro 2009



Vídeo: Trailer español *Millennium 1. Los hombres que no amaban a las mujeres*, de Stieg Larsson


http://www.youtube.com/watch?v=UKPM44_7L_M



Mulleres no ciberespazo

A maioría dos portais femininos analizados responden a unha imaxe tradicional da muller, cando non absolutamente insubstancial e cargada de afectación. Unha **muller fisicamente perfecta**, unha Barbie de pasarela, preocupada principalmente da súa dieta e gran consumidora de produtos de beleza. Unha muller que **continúa no seu status tradicional** de esposa e nai, pero que agora **debe compaxinar todos estes aspectos cunha formación cultural e profesional competitiva e igualitaria co home**. Unha **superwoman**, que asume á perfección a dobre xornada e o dobre papel que hoxe se lle esixe, unha muller de transición, en crise...

María Cruz Rubio Liniers
Centro de Información e Documentación Científica
Ministerio de Educación e Ciencia



PDF:

La imagen de la mujer en Internet: de los estereotipos tradicionales al ciberfeminismo.



Sabias que...

Ao norte da península Indochina, entre Myanmar (Birmania) e Tailandia, vive un pobo: o padaung. As súas mulleres son coñecidas como "as mulleres xirafa". A súa beleza mídese polo número de aneis que teñen ao redor do pescozo. Os padaungs insiren aneis metálicos no pescozo das nenas, que se vai alargando progresivamente de forma cruel e artificial. Desde que hai 300 anos os homes tomaron o poder na sociedade padaung, cando unha muller comete adulterio retíranlle os aneis, deixándoa impedida, coa ameaza permanente de fractura na súa columna cervical.



Fronte á imaxe anterior están aparecendo en **Internet** unha serie de grupos e **movementos** máis ou menos **contraculturais**, sobre todo por parte da xente máis nova. Nunha recente investigación estadounidense sobre o comportamento das rapazas ante as tecnoloxías incluíase un dato interesante: o 65% das mozas dedica o seu tempo libre a navegar por Internet. Existen centos de sitios dedicados especialmente ás nenas entre os 13 e os 16 anos. Elas interéсанse por sitios de chat, xogos virtuais e revistas diversas que van desde algunhas tradicionais como barbie.com ou girlands ata aquelas onde se permite navegar por civilizacións virtuais, con imaxes de mozas tipo «guerreiras do espazo», figuras de cómics Manga ou ciberpunks. A paixón destas mozas por Internet creou novas modas e imaxes: **cybergrrls**, **webgrrls**, **riot grrrls**, **bad grrls** ou **gurls**. Todas elas representan novas formas de representación feminina, aínda que de moi distinta ideoloxía e finalidade.

Unhas próximas ao **ciberfeminismo**, outras agresivas e moitas sen contextualización crítica algunha, xogan máis ben a incorporar novas modas sexys ou ambiguas, unhas procedentes do pop, outras a imitación dos heroes cinematográficos e da canción (Prince, Michael Jackson, etc.). As grrrls son o «último grito» das mozas on-line. Presentan unha imaxe de poder e seguridade baseada no dominio das novas tecnoloxías. Ser grrrl significa ser unha moza moi «cool» con tenacidade para facer surf na rede, traballar en liña con outras mozas e expandir a presenza das mozas nas novas tecnoloxías da información. Teñen foros de diálogo, debate e intercambio de experiencias, non só en torno á informática senón en calquera outro tema de interese para a mocidade de hoxe. As aventuras de CyberGrrl defíneas en termos de empoderamento: *«CyberGrrl está na Web para superarse a si mesma e para chegar aos outros. Pero agora, en lugar de chegar á súa familia e ao seu contorno inmediato, ao lugar de traballo e ao barrio, pode chegar incluso máis lonxe e conectar a xente do resto do mundo cunha acción tan simple como publicar a súa propia páxina ou tan complicada como converterse nunha voz recoñecida na crecente sociedade de Internet.»**

María Cruz Rubio Liniers
Centro de Información e Documentación Científica
Ministerio de Educación e Ciencia

* <http://www.cybergrrl.com>



DÍA DO LIBRO



Outras propostas de actividades



1



Libro e película: *Cometas en el cielo*



Obxectivos

- Resaltar o *poder transmisor de emocións que teñen os libros*.
- Entender o *vínculo de amizade* entre as persoas.
- Comprender a relación entre *fidelidade, xustiza e amizade*.
- Xerar no alumnado o interese pola lectura da novela homónima escrita por Khaled Hossein
- Apreciar a dificultade de converter nun filme a densidade dunha obra literaria.

Desenvolvemento

1. Para desenvolver o hábito lector á vez que traballar valores é necesario elixir libros que sexan significativos para o alumnado, neste sentido *Cometas en el cielo* podería servir para ambos obxectivos, xa que é unha obra fácil de ler e aborda con mestría o tema da amizade.
2. A continuación explicárselles que deben ver un vídeo para aprender conceptos básicos da linguaxe audiovisual do cine, xa que os deberán identificar na película.

3. Sería interesante iniciarse na linguaxe cinematográfica a través da película sobre o libro. Para iso deben organizarse detalladamente certas actividades.

FICHA TÉCNICA

Título: Cometas en el cielo (título original: The kite runner)

Director: Marc Forster / Nacionalidad: USA / Año: 2007

Reparto: Khalid Abdalla, Homayon Ershadi, Zekeria Ebrahimi, Ahmad Khan Mahmidzada, Shaun Tour

Guión: David Benioff / Duración: 122 minutos

Sinopse: Nun país dividido ao borde da guerra civil, dous nenos, Amir e Hassan, están a punto de separarse para sempre. Numerosas cometas, que participan nun torneo infantil, crúzanse no intenso azul do ceo de Kabul. Pero despois de gañar o torneo, a traizón dun neno atemorizado porá en marcha os mecanismos dunha catástrofe... e o comezo dunha busca épica da redención. Agora, despois de 20 anos vivindo en Estados Unidos, Amir regresa a Afganistán, a pesar do perigo que supón o implacable goberno dos talibáns disposto a enfrontarse cos escuros segredos que o perseguen e a reparar o dano que fixo.

4. A continuación explicaríaselles que deben ver un vídeo para aprender conceptos básicos da linguaxe audiovisual do cine, xa que logo deberán de identificalos na película.



Curso de linguaxe audiovisual: Cine

<http://www.youtube.com/watch?v=IEDNnVwvNqY>

EL LENGUAJE AUDIOVISUAL

5. Considerándose importante calquera actividade para poñer en práctica técnicas de estudo, desenvolver capacidades básicas de comprensión e expresión, daríanselles indicacións sobre as notas que deberán tomar durante a proxección para utilizalas máis tarde nas actividades que se relatan a continuación:

Analizar o argumento da película

- Realizar entre os e as compoñentes do grupo un comentario escrito da película.
- Lembrar o argumento e escribilo.
- Explicar como é cada personaxe: as súas características, e o que teñen de positivo e negativo.
- Comparar as situacións reflectivas na película coas que ocorren na vida cotiá.

- Reflexionar sobre o que se considera máis importante da película.

Analizar tecnicamente a película e pescudar:

- Quen é o director ou directora?
- Quen é o produtor ou produtora?
- Cales son os actores e as actrices principais?
- Quen é o director ou directora de fotografía?
- En que ano se filmou?
- Quen é o autor ou autora da música?
- Outros datos de interese.

Analizar a linguaxe cinematográfica

- Tipos de planos.
- Movementsos de cámara.
- Valoración da interpretación dos actores e actrices.
- Comentarios sobre a banda sonora.
- Describir as técnicas de montaxe utilizadas.

Analizar os valores que se presentan

- Facer un xuízo analizando o argumento, sobre os aspectos sociais positivos e negativos.
- Cantos personaxes transmiten valores positivos? E negativos? Están compensados?


Analizar a estética da película

- Analizar se a estrutura musical é axeitada.

- Opinar sobre o vestuario e o seu axuste á época e lugar.
- Buscar os trucos e efectos especiais. Documentarse ou imaxinarse como se puideron lograr.

Analizar o xénero ao que pertence a película

- Facer unha lista de películas do mesmo xénero.
6. Realizar unha infografía sobre o libro ou a película *Cometas en el cielo*, para entender quen son os e as protagonistas, onde viven, que lles sucede, e como se desencadean os feitos.
 7. Sería interesante buscar a relación da película e da novela cos dereitos humanos, e analizar se se cumpren ou se se violan na sociedade afgana.
 8. Khaled Hosseini, o autor do libro de *Cometas en el cielo*, ten outra obra moi significativa titulada *Mil soles espléndidos*, o alumnado debería buscar datos sobre a mesma.



9. Informarse sobre cal é a situación do país en materia de educación, sanidade, política e igualdade.
10. Organizar unha reportaxe gráfica con recortes de prensa sobre a situación do país, e realizar unha exposición no centro. Poden aproveitarse recortes de imaxes para facer unha colaxe onde se poña de manifesto a situación de conflito que vive a zona xeográfica.
11. Debater se nun país en guerra permanente hai algunha posibilidade de educar para a paz.
12. Facer suposicións sobre como se podería resolver o conflito afgano.

Temporalización

6 sesións.

Modalidade

Individual e Grupal

Áreas implicadas

Titoría

Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Filosofía, ética e filosofía do dereito, educación para a cidadanía, historia:

Análise dos valores morais que rexen as nosas relacións persoais

Historia da arte: A denuncia social a través da arte: guerra, desigualdade...

Debuxo: A collage como medio de expresión artítica e ideolóxica.

Ámbito sociolingüístico (nos programas de diversificación curricular): O mundo dos libros e a liberdade.

Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia para aprender a aprender
- Autonomía e iniciativa persoal.

2 A aventura da lectura: Ler sobre igualdade

Obxectivos

- Ampliar as lecturas sobre igualdade enmarcándoas dentro do *Plan de Acción Titorial**, do *Proxecto Lector*** do centro, ou do *Proxecto Interdisciplinar****.
- Sensibilizar ao alumnado sobre a *igualdade* procurando que adopten posturas en contra da *discriminación, da violencia e os malos tratos* que aínda sofren un número considerable de mulleres.
- Potenciar a *educación en valores*.
- Ensinar ao alumnado a responder fronte a situacións de violencia de xénero.

Desenvolvemento

1. A **lectura** constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das capacidades básicas. Todos os centros deben garantir na práctica docente de **todas as materias** un tempo dedicado á lectura en **todos os cursos** da etapa.

* O Plan de Acción Titorial [PAT] é o marco no que se especifican os criterios e procedementos para a organización e funcionamento das titorías. Nel inclúense os obxectivos e liñas de actuación que ao longo do curso os titores e as titoras irán desenvolvendo cos alumnos e alumnas do centro. O departamento de Orientación desenvolverán entre outras a seguinte función: *elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica e profesional, e do plan de acción titorial dos centros, así como coordinar ao profesorado e ofrecerlle soporte técnico para o desenvolvemento destes planes.* (DOG 27 de abril de 1998. Artigo 6º apartado b)

** O Proxecto Lector é un documento que integra todas as intervencións do centro destinadas ao fomento da lectura, da escrita e das habilidades informativas. Compete a todo o profesorado e aplícase a todos os niveis. O Proxecto lector é elaborado polos departamentos, equipo de biblioteca, orientación e equipo de normalización. Debe ser traballado en todas as áreas, nas que se reservará un tempo para ler.

*** O Proxecto Interdisciplinar é un traballo de investigación en equipo que debe realizar todo grupo de alumnos e alumnas de 1º ESO. Pódese traballar sobre un libro, cadro ou obra artística, tema... Pretende conseguir un coñecemento global a partir de diferentes puntos de vista. O proxecto depende fundamentalmente do profesorado titor que se debe coordinar cos departamentos de Lingua Castelá, Lingua Galega, Tecnoloxía e outros dous como mínimo.

2. O *Proxecto Lector* debería seguir as seguintes instrucións ditadas pola Consellería:

Requisitos – 3

O Proxecto lector...

| | |
|---|--|
| <p>▪ Debera:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Partir do que xa se fai ▪ Responder ás necesidades do alumnado do centro e da comunidade educativa ▪ Ser o resultado dunha reflexión conxunta ▪ Ser realista ▪ Ser flexible ▪ Ser progresivo ▪ Ser o resultado dun consenso ▪ Resultar operativo ▪ Primar a calidade na selección e tratamento das lecturas. ▪ Facilitar o traballo docente | <p>▪ Non debera:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Esquecer as boas prácticas xa existentes. ▪ Ser elaborado con prisa ▪ Ser copia doutros proxectos ▪ Responder a iniciativas editoriais ▪ Resultar, finalmente, do labor dunha soa persoa ou dun grupo pequeno. ▪ Ser redactado como un documento burocrático, sen operatividade. ▪ Complicar o traballo docente |
|---|--|

3. O traballo sobre a **igualdade**, como sobre calquera outro tema, debe estar contextualizado na realidade do centro e seguir uns criterios de tratamento moi claros para que sexa efectivo: hai que partir do que se fai, ver cales son as **necesidades** do alumnado, seleccionar o tipo de **actividades** que se poden levar a cabo, e buscar a progresión no tratamento do tema [partir do concreto para chegar ao abstracto]. A igualdade pódese traballar relacionándoa co Plan de Acción Titorial e co Proxecto Lector.
4. Os temas transversais poderían dividirse por cursos para ser traballados nas titorías, sendo o curso de 3º ESO un dos máis axeitados para traballar a igualdade. Todo o alumnado deste nivel debería ter como actividade obrigatoria a lectura dun libro sobre o tema.

5. Para traballar nas titorías poderían comprarse os números de exemplares necesarios para o grupo con maior número de alumnos e alumnas e rotalos polos demais, sempre que o horario das titorías non coincida. No caso de non idear un sistema propio de control dos libros e do seu préstamo, estes poderían ser gardados no departamento de Orientación, colléndoo cada titor ou titora nas horas que tivesen titoría e devolvéndoo posteriormente ao mesmo sitio. Para controlar a páxina na que queda cada alumno ou alumna despois da sesión de lectura, pódese empregar un parte de faltas, para que o alumnado poida poñer ao lado do seu nome o número das sucesivas páxinas nas que deixa a lectura.
6. Cada día de lectura, sería necesario reservar 10 minutos de clase para que o alumnado puidera facer un resumo do lido, na libreta de titoría, sendo corrixido posteriormente polo titor ou titora. Son moitos os libros que se poden empregar para traballar a igualdade na ESO, sirvan como exemplo os que seguen:

Lecturas recomendadas para 3º da ESO

**El diario azul de Carlota**

Gemma Lienas

Lingua: CASTELÁ
ISBN: 847669735 X
Editorial: El Aleph
Ano de edición: 2006

**La Cenicienta que no quería comer perdices**Nunila López
Myriam Cameros

Lingua: CASTELÁ
ISBN: 9788408088646
Editorial: Planeta
Ano de edición: 2009

**Caricias de León**Santiago García-Clairac
Santiago Luque

Lingua: CASTELÁ
ISBN: 9788434835214
Editorial: SM
Ano de edición: 2005

**Un nome de dicionario**

Amélie Nothomb

Lingua: GALEGA
ISBN: 8482886355
Editorial: Galaxia
Ano de edición: 2003

7. O tema da *igualdade* tamén pode ser abordado noutros niveis educativos, sendo interesante abordalo en 1º ESO a través do proxecto interdisciplinar. Neste curso poderíase traballar co libro *Nera, a ferreira* do que se detalla a continuación o seu argumento.

Lectura recomendada para 1º da ESO (Titoría ou Proxecto Interdisciplinar)



Nera, a Ferreira

Imelda Barrio Santamaría

Lingua: GALEGA

ISBN: 9788492630028

Editorial: Baía

Ano de edición: 2009

Fai moito tempo, nun afastado reino naceu Nera, a filla do ferreiro, nunha noite especial que hai cada cen anos: as constelacións están aliñadas e reúnese o Consello de Fadas para conceder un desexo a quen naza nela. Deliberaron sobre que desexo lle concederían, repasando os anteriores que concederan [unha voz doce, que se namorase dun príncipe, etc.]. Pero as mulleres ás que llelos concederan non foran cumprindo eses desexos tan banais. Entón pensaron noutros: que puidese estudar, que chegase a vivir da ferrería e a ser xefa da forxa, que non vivise obsesionada pola súa imaxe, que fora libre para rexeitar o príncipe valente... Pero como había que elixir un só desexo, acordaron concederlle que cando chegase á maioría de idade decidise ela se quería ser un home ou non, pois só sendo home podería cumprir todos aqueles desexos. Sabedores diso o seu pai e a súa nai, **educárona na igualdade:** nin lle compraron vestidos de cor rosa nin a sacaron do colexio cando cumpriu 11 anos. E,

sobre todo, apoiárona nas súas decisións e afeccións nada comúns entre as nenas e nenos do seu reino: cando xogaban ás guerras, as nenas pedían coidar os guerreiros feridos ou ser princesas que esperaban no castelo o regreso dos seus maridos loitadores, pero Nera quería ser capitana. E ríanse dela cando dicía que de maior quería ser ferreira. Cando medrou, tivo moitos pretendentes pois era moi atractiva. Púñaos a proba pedíndolles que a convidasen a comer á súa casa preparando eles o xantar, pero todos suspendían porque era intragable o que preparaban, ou non recollían a mesa nin fregaban a vaixela. Outras veces Nera preguntáballes como querían educar aos posibles fillos e fillas... Porque ela quería un COMPAÑEIRO, con maiúsculas. Cando cumpriu 18 anos, as fadas e o reino enteiro agardaban expectantes que decidise converterse en home, pois nin se integraba coas mulleres, nin atopaba esposo por ser tan rara. Mais ela rexeitou cambiar. Pasaron os anos e non só foi ferreira senón mesmo a xefa da forxa. E viviu feliz e comeu perdices, que lle guisaba a miúdo o seu COMPAÑEIRO.

Texto traducido de: http://www.felix.org/auto/nera_es.html

Temporalización

Horas de titoría do 1º trimestre.

Horas do proxecto interdisciplinar de 1º ESO. 1º trimestre.

Modalidade

Grupal: len todos e todas á mesma hora.

Individual: cada alumno e cada alumna le ao seu propio ritmo.

Área implicada

Titoría

Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Lingua Castelá, Lingua Galega e Tecnoloxía: *Investigar os roles de xénero nos contos* [Proxecto Interdisciplinar 1º da ESO]

Ámbito Sociolingüístico nos Programas de Diversificación Curricular: *A igualdade a través da literatura xuvenil*

Tecnoloxía: *A igualdade na rede: identificación de recursos*

Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

3



AUDIOCONTO:

La cenicienta que no quería comer perdices
de Nunila López



Obxectivos

- Crear na comunidade educativa unha rede de difusión de materiais sobre igualdade aproveitando as novas tecnoloxías.
- Aprender a ver as mensaxes estereotipadas que transmiten os contos.
- Valorar a capacidade de “repensar” para cambiar.
- Outorgarlle á “lectura” a importancia de ser un instrumento para “aprender a ver”.

Desenvolvemento


1. A maioría dos alumnos e alumnas son usuarios de Tuenti, Facebook...O fenómeno das redes sociais xa está influíndo nos estilos de aprendizaxe. As editoriais non son alleas a estes novos gustos da xuventude e lanzan ao mercado propostas dinámicas para traballar distintos temas, neste caso o conto *La cenicienta que no quería comer perdices* serve para traballar a *igualdade*.
2. Aínda que a obra está recibindo moi boas críticas e está sendo apoiada por persoas de renome pola súa relevancia política, académica, cultural... o conto ten unha serie de aspectos que poderían ser mellorables: a linguaxe, as características dalgúns personaxes [o colega

republicano, a amiga autóctona...]. Sería interesante analizar páxina a páxina co alumnado e ir sinalando os aspectos que non están claros.



Tamén sería interesante ver as consecuencias dos roles de xénero na saúde das mulleres.

Para isto sería conveniente ler o conto e consultar paralelamente a páxina: http://www.igualdadegalicia.org/mediateca/igualdade/Area_para_o_Tratamiento_da_Violencia_de_Xenero/Guias_formativas/LIBRO_ESTAS_POLA_SOLUCION.pdf



- No conto se nomean enfermidades, o que nos dará pé para entrar na lectura de *Estás pola solución?*, unha obra que pretende sensibilizar ao sector sanitario sobre a necesidade de actuar fronte a violencia de xénero máis alá do tratamento de lesións físicas evidentes. Hai toda unha sintomatoloxía de enfermidades físicas e psíquicas que dan pistas aos médicos e médicas sobre a situación complicada que pode estar vivindo a paciente e indican a necesidade de actuar.
- O alumnado debe coñecer, sobre todo as alumnas, cal é o protocolo que se segue nun centro sanitario para atender a posibles vítimas de malos tratos.
- Outra actividade podería ser *analizar a repercusión do conto*. Por que se desatou un boom mediático e todo o mundo parece estar interesado na



“Cenicienta de Nunila López.”? Hai reseñas en moitas páxinas. Un exemplo pode ser o da directora de Cátedra de Estudos de Xénero de Valladolid, Alicia Puleo.

Temporalización

4 sesións de titoría

Modalidade

Grupal: len todos e todas á mesma hora.

Individual: cada alumno e cada alumna le ao seu propio ritmo.

Área implicada

Titoría

Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Ámbito Sociolingüístico nos Programas de Diversificación Curricular:
Análise de: La cenicienta que no quería comer perdices [contexto histórico, estrutura do conto, linguaxe empregada, características dos personaxes]

Tecnoloxía: *Internet e difusión mediática de materiais.*

Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.

4 Traballo coa revista "XENIA"



Obxectivos

- Presentar á mocidade a ciencia como un mundo máis próximo.
- Ofrecer referentes femininos no ámbito da investigación e a ciencia.
- Buscar a igualdade de oportunidades entre sexos.
- Evitar a elección estereotipada de itinerarios académicos, onde as mulleres rexeiten estudos científicos ou tecnolóxicos por considerarse menos capaces.

Desenvolvemento

1. A Secretaría Xeral de Igualdade sacou a mediados de maio de 2008 unha publicación de carácter semestral titulada *Xenia*, acompañada dun folio de actividades centradas en "Queremos coñecernos... científicas galegas".
2. A publicación estruturase en catro apartados destacados: *Inxenia*, mulleres na ciencia, na que se inclúe un artigo de opinión; *Xenialidades*, vidas de ciencia, que recolle as vidas e traballos de mulleres científicas e

investigadoras destacadas; *Conxenia*, carreiras máis aló do xénero, que aprofunda na actualidade académica universitaria e na división de xénero que se produce nas distintas titulacións; e *Telexenia*, investigadoras no estranxeiro, espazo que recolle casos de mulleres que desenvolven a súa actividade investigadora fóra das nosas fronteiras.

3. Os distintos apartados da revista poden ser empregados desde diferentes áreas, xa que hai referencia a problemas sociais, experimentos científicos, reflexións matemáticas...

Temporalización

Horas do ámbito científico de 3º PDC dunha semana, nas demais materias dependerá do profesorado

Modalidad

Grupal

Áreas implicadas

Titoría

Ámbito Científico: *A invisibilidade das mulleres no ámbito científico.*

Ámbito Sociolingüístico: *A linguaxe científica en Lingua Galega.*

Orientación: *Os estereotipos de xénero nas eleccións académico-profesionais.*

Competencias básicas

- Comunicación lingüística.
- Coñecemento e interacción co medio físico.
- Social e cidadá.
- Autonomía e iniciativa personal.

5



Película: *Fahrenheit 451* de François Truffaut (1966)

con Julie Christie e Oskar Werner



Obxectivos

- Resaltar o *poder emancipador que teñen os libros*.
- Entender o *pensamento único* como elemento uniformador de conciencia.
- Comprender a relación entre *poder, control e censura*.
- Xerar no alumnado o interese pola lectura da novela homónima de Ray Bradbury unha vez vista a película.

Desenvolvemento

1. Antes de ver a película débense explicar os conceptos de *alienación e disidencia*, así como a *relación de poder entre o estado e o individuo*.
2. A continuación entregaráselles un cuestionario sobre a película que verán de xeito breve. Isto será a toma de contacto sobre os diferentes aspectos nos que se teñen que fixar para identificar os problemas que aborda. Explicárase así mesmo que será necesario tomar notas durante a proxección para desenvolverlas recollendo datos que serán empregados máis tarde ao responder con detemento o cuestionario antes mencionado.
3. Modelo de cuestionario:

- Que poder teñen os libros?
 - Que poder ten o lume?
 - Indica os elementos de control social.
 - Por que cres que hai diariamente 50 persoas con sobredoses de “pílulas”?
 - Que conexión hai entre o cumprimento das leis e os actos públicos exemplarizantes?
 - Diferenza entre saber e adoutramento.
 - Que papel cumpren os medios de comunicación?
 - Por que se senten ameazados polos individuos que len libros?
 - Que paralelismo atopas co mundo actual?
4. Despois de revisar as respostas do cuestionario na aula, pídeselles un traballo de elaboración persoal a modo de conclusión sobre o tema: **O poder do estado sobre o individuo: liberdade e seguridade.**
 5. Recoméndase, se é posible, a lectura da novela de Ray Bradbury.
 6. Na película a xente supón unha ameaza porque cuestiona o sistema. Sería interesante proporlle ao alumnado a técnica “Aprendo se relaciono”, trataríase de buscar a conexión entre a película e o texto que ven a continuación:

7. Na arte contemporánea tamén atopamos ecos da idea de *Fahrenheit 451* na aposta do artista chinés **Cai Guo-Qiang** na súa obra *Fireworks*.

“A historia do libro corre paralela á da censura. Unha das cousas esenciais que proporciona a lectura é aprender a pensar, e non hai nada máis perigoso para o poder que un pobo pensante. A tarefa do político é máis fácil fronte a un pobo idiota, educarnos na estupidez é quitarnos os libros, e iso sempre ten sido tarefa de ditadores”.

Alberto Manguel (Bos Aires, 1948)



Documental: As persoas libro



As persoas libro temos a intención de defender os libros e promover a lectura. Cada unha de nós levamos un anaco de libro, de poema, sen importar a súa extensión, na nosa mente e no corazón, compartímo-lo narrándoo con sinxeleza, mirando aos ollos de quen nos escoita.. O corpo de bombeiros queima vivendas e bibliotecas para destruír os libros e evitar que a xente teña un pensamento independente... A xente ten que vivir feliz a calquera prezo, e a ignorancia é o mellor para ser feliz. “Fahrenheit 451” [equivalente a 233°C] recibiu ese título porque a novela menciona que a esa temperatura quéimase o papel...

Máis información www.personaslibro.org

Temporalización

4 sesións.

Modalidade

Individual e Grupal

Áreas implicadas

Titoría

Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Filosofía, ética e filosofía do dereito, educación para a cidadanía, historia: *Análise en clave filosófica dos problemas en torno ao poder e o control das persoas.*

Historia da arte: *A censura no mundo da arte*

Debuxo: *Importancia do deseño e da arquitectura na construción dun mundo futuro.*

Ámbito sociolingüístico (nos programas de diversificación curricular): *O mundo dos libros e a liberdade.*

Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia para aprender a aprender
- Autonomía e iniciativa persoal.

Para rematar



Vídeo: *Bachelorette*, de Bjork





23 DE ABRIL



